

Acta do Consello Escolar

Acta do consello escolar ordinario celebrado o venres, día 27 de xuño de 2025, ás 12:30 horas, na biblioteca, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores.
2. Informe de xefatura: resumo dos resultados académicos.
3. Informe dos resultados académicos da materia de Inglés en 2º ESO.
4. Informe de vicedirección: actividades extraescolares e complementarias.
5. Informe económico. Gastos e estado de contas.
6. Obras previstas para o verán.
7. Aprobación do PLAMBE.
8. Rogos e preguntas.

Preside a sesión o director do centro, Víctor Rodríguez Romero, e asisten á reunión os profesores e as profesoras que figuran na folla que se achega.

1. Apróbanse as actas dos consellos anteriores por unanimidade.
2. A xefa de estudos, Concepción Pérez, toma a palabra para comentar os resultados académicos da terceira avaliación. Apoia as súas explicacións cuns gráficos que se achegan a esta acta. Os resultados son bastantes bos comparados con anos anteriores e a partir de terceiro da ESO a maioría do alumnado aproba todo, aínda así 7 alumnos repiten primeiro, 13 alumnos repiten segundo, 6 alumnos repiten terceiro e 13 alumnos suspenden cuarto da ESO. A maioría dos repetidores de segundo son alumnado que marcha do centro para facer unha FP básica.

En bacharelato repiten 10 alumnos primeiro e 7 alumnos segundo e seguramente repetirán só coas materias pendentes.

Aínda que os resultados son mellores que nas avaliacións anteriores temos que pensar que non son notas da terceira avaliación senón resultados da avaliación final.

Os resultados nos cursos de PDC son moi bos. En cuarto unha alumna abandonou no último trimestre para ir a traballar sen poder convencela para continuar.

Conchi Pérez mostra un diagrama co número de faltas de orde por

cursos. Os datos de convivencia neste trimestre son mellores pois o número de faltas de orde baixou. Conchi pensa que foi por ser un trimestre moi curto, pois o comportamento no derradeiro mes non foi mellor.

A xefa de estudos analiza as expulsións desta terceira avaliación: Foron 5, das cales 3 foron por faltas de respecto aos compañeiros resultado da apertura dun expediente por acoso; outra por negarse a entregar o teléfono móbil e unha terceira por sacar unha fotografía sen permiso dun compañeiro.

Conchi engade, para finalizar, que tódolos alumnos do noso centro aprobaron as probas da ABAU e cinco alumnos sacaron máis dun 8,5 de media.

3. Víctor, director do centro, toma a palabra para falar dos resultados na materia de inglés de segundo da ESO. Os resultados melloraron nesta derradeira avaliación, existen alumnos que aprobaron a avaliación final e non aprobaron as dúas primeiras avaliacións.

Víctor explica que dende o equipo directivo medíouse entre as familias que protestaron e a profesora e foi un traballo difícil e síntese un pouco frustrado por non conseguir un campo de entendemento entre todos.

Rosa María Núñez, fala de que os colexios concertados inflan as notas de inglés para que o alumnado poda ir o PILI do concello de Vigo, e que deste centro van a poder ir poucos alumnos. Pensa que a profesora que imparte a materia é moi esixente.

Fálase do programa municipal de inmersión en lingua inglesa con numerosas achegas dos membros do consello.

4. Toma a palabra Beatriz González, secretaria, para resumir o exposto por Manuel Jove, vicedirector, no claustro anterior ao consello.

Explica que por cursos o alumnado de segundo e terceiro foron os que menos excursións tiveron. O alumnado de cuarto tiveron moitas, algunhas delas de orientación para estudos posteriores.

O alumnado de primeiro de bacharelato tamén tivo bastantes saídas, e incluso os de segundo de bacharelato tiveron algunha.

O programa de froita e leite do Fogga tivo bos resultados nesta segunda quenda conseguindo cinco semanas de froita para o alumnado. Volverase a solicitar para o próximo curso.

5. A secretaria continua falando para comentar a metade do exercicio económico do 2025. Os ingresos son os esperados por parte da Consellería e entrou o 70% dun ingreso complementario de 5.600 euros que, pensamos, é a partida esperada para facer fronte a participación na Feira científica de Bruxelas.

Os ingresos do centro respecto dos sobres das matrículas baixarán pois este ano solo cobramos polas fotocopias e estase a usar xa a matrícula telemática con bastante boa acollida.

Os gastos van ben, as partidas onde é máis elevado o gasto do recollido no orzamento son:

- material funxible por actividades (por gastos correspondentes á Feira de Bruxelas)
- material funxible por departamentos (varios departamentos fixeron gastos necesarios coma material de EF, de bioloxía e xeoloxía ou un test do departamento de orientación, que houbo que renovar)

6. O director, Víctor Rodríguez, toma a palabra para explicar ao consello que nesta avaliación fíxose un cambio das pantallas dixitais por paneis dixitais interactivos. A empresa que realizou a montaxe empezou antes de tempo, no horario que quixo sen poder nós coordinar mellor o seu traballo e o profesorado tivo que adaptarse.

Durante o verán seguirase coa instalación de pantallas en substitución de proxectores. Tamén se instalarán encerados de rotulador nas aulas que non teñen. Temos un problema coa xestión dos encerados de xiz e estamos pensando como aproveitálos.

Sobre a marquesiña da entrada aínda non temos noticia. Na última visita a Pontevedra preguntouse por ela e resulta que cambiou o técnico e non sabía nada do asunto.

Víctor explica que na última reunión coa directiva do ANPA falouse de que estaban dispostos a axudar economicamente nalgunha obra. Estamos buscando orzamentos para arranxar a pista exterior pero non dará tempo neste verán.

Segundo vaian os gastos pintaranse algunhas aulas de segundo.

7. Apróbase o PLAMBE, Plan de mellora da biblioteca, para o curso que ven por unanimidade.

8. Nos rogos e preguntas toman a palabra as seguintes persoas:

- Xiana e Amanda rogan arranxen os baños de terceiro e de primeiro das chicas que levan tempo pechados.
- Rosa María Núñez transmite que desde varias familias solicitan mais charlas de orientación para estudos posteriores e mais excursións.
- Fálase da proposta do claustro de pechar as aulas con chave.

Tras esta intervención, sen mais rogos nin preguntas, dáse por rematada a sesión ás 14:00.

En Vigo, a 27 de xuño de 2025

O director

A secretaria:

Asdo.: Víctor Rodríguez Romero

Asdo.: Beatriz González de Paz